

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*EXTRACTO da Orde do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN519B).*

BDNS (Identif.): 331619.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarios*

Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. As solicitudes poderanse presentar individualmente ou de forma conxunta baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).

Segundo. *Obxecto*

Mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación, co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código do procedemento IN519B).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.



**Cuarto. Contía**

Importe total da convocatoria: 4.197.000,00 €.

Intensidade das axudas:

– Con carácter xeral: 80 % do importe total considerado como subvencionable, cun máximo de 120.000,00 € por solicitude.

– Para as solicitudes conxuntas, a contía porcentual máxima incrementarase nun 15 % con respecto ao caso xeral, cun máximo de 180.000,00 € por solicitude.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da Orde do 27 de xaneiro de 2017 no *Diario Oficial de Galicia*.

**Sexto. Outros datos**

Poderase anticipar ata o 25 % do importe da subvención concedida.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2017

Francisco Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

